

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 30 de setembro, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/2016, do 9 de setembro.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 20701 á número 22550, de 2016.

### **Comisión de Deportes e Mocidade**

- 3.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Real Federación Española de Fútbol correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización dun Campus de Fútbol.

### **Comisión de Promoción Económica e Emprego**

- 4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a entidade REDEMPREDIA para financiar o proxecto SPIN 2016.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

- 5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e dos Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela, para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos da Escola de Prácticas Xurídicas nos Concellos da Provincia e de adquisición de material necesario para a súa execución, ano 2016.
- 6.- Dación de contas dos contratos menores realizados pola Deputación no período do 1 de maio ao 31 de agosto de 2016.

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico.**

- 7.- Aprobación do proxecto modificado da obra "*Reforma e posta en valor da Praza de Abastos*", do Concello de Melide, incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 16.3290.0040.0 e aprobación definitiva da obra.
- 8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arzúa para o financiamento da obra de "Reposición de pavimento, impermeabilización e acondicionamento de soportal en edificio de multiusos (Terra do Queixo)".

9.- Aprobación da segunda modificación do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para o financiamento da obra denominada “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume” e exclusión do Plan de acción social (PAS) 2015.

10.- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Teo en representación dos concellos da provincia incluídos no ámbito xeográfico da Ulla para o financiamento do proxecto “Plan para a promoción conxunta do entroido rural tradicional dos Xenerais da Ulla 2016”.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente**

11.-Aprobación inicial da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2016.

12.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2016, cuarta fase.

13.-Proposta de modificación de referencias temporais nas bases reguladoras do Plan provincial de medio ambiente 2016.

### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

14.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de agosto de 2016 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de agosto de 2016.

15.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/08/2016 e proxección a 31/12/2016.

16.-Toma de coñecemento da rendición das contas anuais da Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), correspondente ao ano 2015.

17.-Requirimento ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre a liquidación definitiva da participación de ingresos do Estado do exercicio 2014.

18.-Modificación das bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

19.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios

20.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para a colaboración en materia de inspección tributaria.

ACTUACIÓN DE CONTROL

## **Moción**

Moción do Grupo Político Provincial de Compostela Aberta para promover a celebración do Samaín entre os Concellos da Provincia

ROGOS E PREGUNTAS